

**Documento de INSTRUCCIÓN PARA A XUSTIFICACIÓN FINAL das axudas para o fomento da contratación de tecnólogos para a realización de actividades de I+D+i nas empresas e organismos de investigación en Galicia (PROGRAMA PRINCIPIA) convocada pola [Resolución do 23 de decembro de 2019](#)**

O artigo 25.ñ) da dita resolución de convocatoria establece como obriga das entidades beneficiarias a presentación da **xustificación final da axuda percibida**.

A dita xustificación deberá realizarse tendo en conta o previsto nas seguintes instrucións:

**A. Prazos:**

1. **Trece meses** contados desde o **inicio de cada contratación incentivada** incluídas as posibles substitucións e independentemente da duración do dito contrato (sexa temporal ou indefinido).

**B. Documentación:**

1. Memoria final resumo das actividades de I+D+i realizadas polo persoal contratado, debendo achegarse unha por cada contrato incentivado (Anexo VIII).
2. Copias das nóminas aboadas ao persoal contratado así como os documentos bancarios correspondentes que acrediten o seu pagamento.  
Nos xustificantes de pagamento das nóminas deberán vir detallados os seus receptores, así como as cantidades percibidas por cada un deles. Cando a documentación xustificativa deste gasto conste dun xustificante bancario da remesa total mensual, deberá achegarse a listaxe da orde de transferencia en que se detallen os distintos traballadores incluídos, que deberá estar selada pola entidade bancaria.
3. Impresos de liquidación nominal do IRPF e xustificantes do seu pagamento. Nos documentos correspondentes a cotas liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe considerarase xustificado coa presentación dunha declaración (Anexo IX) dos importes mensuais de retencións do IRPF dos traballadores incentivados, quedando as entidades obrigadas a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación, unha vez se dispoñan dos mesmos.
4. No caso de que se lle condécese **bono de formación**:
  - 4.1. Facturas que acrediten a realización da acción formativa, previamente validada, que detalle a denominación acción formativa, o número de horas impartidas e o importe total correspondente. Así como os documentos bancarios correspondentes que acrediten o seu pagamento.
  - 4.2. Copia dos partes de firmas asinados pola persoa que imparte a formación e pola persoa traballadora por cada sesión diaria de formación.
  - 4.3. Informe de aproveitamento favorable asinado pola persoa que imparte a formación e pola persoa traballadora



### **C. Contratacións temporais:**

No prazo dun **mes** contado desde o **remate da duración temporal** de cada contratación incentivada:

- *Copia da vida laboral actualizada do persoal contratado aos efectos de comprobar o requisito de permanencia establecido no artigo 25.m da resolución de convocatoria*

### **D. Contratacións indefinidas:**

No prazo dun **mes** contado desde o transcurso do **período de 2 anos** de cada contratación incentivada:

- *Copia da vida laboral actualizada do persoal contratado aos efectos de comprobar o requisito de permanencia establecido no artigo 25.m da resolución de convocatoria*

### **E. Forma de presentación:**

A través de Sede Electrónica da Xunta, [carpeta de cidadán](#), no trámite común/acción no seu expediente "achega documentación xustificativa".

Santiago de Compostela, 30 de outubro de 2020  
A Axencia Galega de Innovación  
[servizos.gain@xunta.gal](mailto:servizos.gain@xunta.gal)